

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 5 DE SETEMBRO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a cinco de setembro de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as trece horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 31 de agosto de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- CONCESIÓN DE PRIMEIRA PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2021

ANTECEDENTES

1º.- Con data 10 de maio de 2022 a Xunta de Goberno Local adxudicou á sociedade CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L. o contrato de obras para a execución do investimento denominado “MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE ASPERELO, CAMBA, CARBOENTES, GUILLAR, PEDROSO E A PORTELA”, incluído no Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.

2º.- A preceptiva acta de comprobación do reformulo asinouse o día 29 de xuño de 2022, fixándose o prazo de execución da obra adxudicada en dez (10) semanas, contadas a partires do día seguinte da sinatura de dito documento.

3º.- En data 3 de setembro do corrente (RE-E núm. 431), Don José Antonio Miguélez Díaz, na representación da sociedade adxudicataria, solicita unha ampliación do prazo de execución da obra polos motivos que especifican no escrito de solicitude.

4º.- A dirección facultativa das obras emite, con data 03/09/22, informe favorable á prórroga solicitada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 193 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), dispón literalmente: *“O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva”*.

Segundo.- O artigo 195.2 do citado texto legal establece que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos ampliando o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder ao adxudicatario CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L. unha primeira prórroga, ata o día 12 de outubro de 2022, no prazo de execución da obra denominada *“MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE ASPERELO, CAMBA, CARBOENTES, GUILLAR, PEDROSO E A PORTELA”*, incluída no Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.

3.- ALTA DE ASOCIACIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

De conformidade co previsto no artigo 4 do Regulamento do Rexistro municipal de asociacións e entidades sen ánimo de lucro do Concello de Rodeiro, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 26 de abril de 2005 e publicado no BOP núm. 155, correspondente ao día 12 de agosto de 2005, e vista a solicitude de inscrición presentada pola asociación que deseguido se sinala (RE núm. 1453 e 1395, do 10/09/20 e 30/08/22), quen acredita cumprir cos requisitos esixidos e achega a documentación requirida no devandito Regulamento, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

APROBAR a alta e inscrición no Rexistro municipal de asociacións e entidades sen ánimo de lucro do Concello da asociación seguinte:

INSCRICIÓN NÚM. 34

- DENOMINACIÓN: ESCOLA DE FÚTBOL SALA RODEIRO
- CIF: ██████████
- DOMICILIO: Rúa A núm. 14.- Lugar de Rodeiro.- Parroquia de Rodeiro
- NÚM. INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA: ██████████
- REPRESENTANTE: Dona Leticia Vilar Caseiro

4.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Vistos o orzamento presentado en data 31/08/22, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato emitidos pola concelleira-delegada de Urbanismo, Economía e Servizos Sociais Dona María Dolores Simón Valladares, con data 01/09/22, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na planificación e desenvolvemento do programa de conciliación “Concilia Rodeiro 2022”, entre os días 9 de setembro e 22 de decembro do corrente, ambos inclusive, á entidade ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO SOCIAL DA COMARCA DO DEZA, con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Silleda, ao prezo de OITO MIL NOVECENTOS SESENTA EUROS (8.960,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 231/226 do presuposto en vigor.

5.- SOLICITUDES E INSTANCIAS

- Comisión de festas da parroquia de Santa Baia de Camba

VISTO o escrito presentado por Dona NANCY FERNÁNDEZ FAFIÁN, veciña do lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro (RE núm. 1435, do 02/09/22), polo que, na representación da Comisión de festas da parroquia de Santa Baia de Camba, solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais celebradas os pasados días 27 e 28 de agosto do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €).

- Comisión de festas do lugar de Trasulfe

VISTO o escrito presentado por Don JOSÉ LUÍS PRESAS VALLADARES, veciño do lugar de Trasulfe, parroquia da Fafián (RE núm. 1205, 1332 e 1432, do 18/07/22, 16/08/22 e 02/09/22), polo que, na representación da Comisión de festas do lugar de Trasulfe, parroquia de Fafián, solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais celebradas o pasado día 11 de xullo do corrente na honra de San Bieito. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €).

6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 12.862,51 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de xullo de 2022, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 5.137,49 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de xullo de 2022, s/recibos.
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 17,40 €, 69,39 € E 64,30 €
Por consumos de telefonía fixa e móbil, s/facturas núm. TA6Y20001227, TA6Y20001246 e TA6Y20001247 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 274,67 €, 130,44 € E 379,25 €
Por consumos de telefonía fixa e móbil, s/facturas núm. TA6Z20001345, TA6Z20001346 e TA6Z20001347 (FACe).
- PLUS ULTRA SEGUROS S.A. 455,51 € E 485,66 €
Por seguros anuais do tractor NEW HOLLAND do Concello, s/facturas núm. APSPLUS202200002304 e APSPLUS202200002313 (FACe).
- M^a ELENA JORGE MATO 78,66 €
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- PABLO GARCÍA PAIS 2.786,07 €
Por traballos de reparación de diversa maquinaria municipal, s/factura núm. 2022-0133.
- AGROCAMBA V. FARO S.L. 343,93 € E 78,87 €
Por subministro de luvas para as auxiliares do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF) e produtos de limpeza, s/facturas núm. 22FV 969 e 22FV 1189.
- SILVIA GRANJA PEREIRA 130,00 €
Por subministro dun aparello climatizador para as oficinas da Casa do Concello, s/factura núm. 35/22.

- AMBIGAL-360 S.L. 794,20 €
Por recollida e tratamento de residuos voluminosos do Punto Limpo, s/factura núm. A-220702 (FACe).
- CONSTRUCCIONES NÉSTOR FERNÁNDEZ S.L. 4.416,50 €
Por traballos de acondicionamento de camiños municipais nos lugares de Cabanas e Melide, s/factura núm. 07.
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 1.131,59 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041183919 (FACe).
- MANCOMUNIDADE TERRAS DE DEZA 15.663,00 €
Por achega municipal ao orzamento da Mancomunidade no exercicio de 2022, s/cargo.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as trece horas vinte minutos, da que como secretario, estando a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)